

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO CONCELLO PLENO DO 16.04.2018

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 09.05 h do 16.04.2018, baixo a presidencia do alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión extraordinaria urxente convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Painceiras, Ana María Novo Picos, Juventino José Trigo Rey, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María del Carmen Martínez Rodríguez

Secretaria accidental:

Carmen López Villar

Interventora accidental:

María Milagros López Álvarez

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Ratificación, se procede, da urxencia da sesión

De seguido intervén o alcalde para dicir que a urxencia vén motivada polos cambios que, como consecuencia do cambio de goberno neste Concello, é preciso realizar nos órganos de representación e goberno do Concello de Fene para que o Concello comece a funcionar.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que se esta vai ser a nova forma de actuar deste goberno si que se comeza ben. Esta claro que a transparencia rematou en Fene, hoxe é a primeira vez no Concello na que se fai unha convocatoria dun Pleno extraordinario e urxente sen informar previamente, nin dicir nada á oposición, máis para un asunto como este, pensa que perfectamente podería ir nun pleno ordinario. Non entende o motivo desta urxencia, unha vez que están feitas as Resolucións da alcaldía cos respectivos nomeamentos. Como considera que estas non son as formas de facelo e a urxencia non é tal, anuncia que o seu grupo votará en contra da urxencia.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que se suma ao dito polo voceiro do grupo municipal do BNG, porque é a primeira vez na que non se lles convoca para falar e consensuar a realización do Pleno. Di que se esta é a nova forma de traballar, viva a democracia, a transparencia e o talante dialogante. Anuncia que votará en contra.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal Popular, que di a urxencia, segundo explicou o alcalde, vén motivada pola constitución deste novo goberno e a reestruturación das diferentes áreas para comezar a traballar e desactivar a parálise que leva sufrindo o Concello dende as eleccións de maio de 2015, cando o BNG tomou o poder. Chámalle a atención que o ex-alcalde diga que é a primeira vez que se trae algo con tanta urxencia, para mostra os orzamentos, que viñeron ao Pleno segundo unha moción urxente. Tampouco lle sorprenden as palabras da voceira do grupo Mixto municipal respecto desta situación.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que pídelle á voceira do grupo municipal Popular que atenda ao que se di neste Pleno, porque o que acaba de dicir non o dixo en ningún momento. Rógalle que lle conteste a el e non á galería.

De seguido intervén o alcalde que dille ao voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que non cree que lle teña que dicir a ninguén que atenda. Cada un terá que atender ao seu.

0-0
39E
150
P-
F:
CL

Sometida a urxencia a votación foi ratificada por maioría absoluta de 12 votos a favor (7 do grupo municipal Popular, 3 do grupo municipal Socialista e 2 do grupo municipal Somos Fene) e 5 votos en contra (4 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal).

2. Dación de conta das Resolucións da alcaldía núm. 390, 393, 395 e 396 do ano 2018

Os concelleiros danse por informados.

3. Aprobación, se procede, da modificación do acordo de determinación da periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O día 13 de xuño do 2015 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene xurdida das eleccións municipais que tiveron lugar o 24 de maio do 2015 e o 6 de abril de 2018 prodúcese un cambio da alcaldía.

No pleno municipal que tivo lugar o 07.07.2015 establecéuse o réxime de organización da Corporación, considerando procedente facer algúns cambios.

O artigo 46.2 a da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03-04-1985) e artigo 212 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (DOG núm. 149, de 5 de agosto) establecen que a Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria coa periodicidade que sinale o Regulamento orgánico e como mínimo cada quince días e o artigo 18 do Regulamento orgánico do Concello de Fene (B.O.P. da Coruña núm. 156 do 8 de xullo do 2008) establece que o Pleno establecerá a periodicidade da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local ó inicio de cada mandato corporativo.

Logo de ver canto antecede, no exercicio das competencias que me atribúe a lexislación vixente, propoño que o Pleno adopte o seguinte acordo:

Modificar o acordo adoptado no Pleno do 07.07.2015 respecto da periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, de xeito que quede como segue:

“As sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do Concello de Fene terán carácter semanal, celebrándose as sesións os xoves de cada semana ás 09.00 horas en primeira convocatoria e unha hora máis tarde en segunda convocatoria. No suposto de que o día prefixado fose festivo ou inhábil, celebrarase a sesión co mesmo carácter de ordinaria o inmediato hábil anterior.”

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde Gumersindo P. Galego Feal.”

O voceiro do BNG fai constar a queixa do seu grupo por facer esta modificación sen falar previamente coa oposición, pero anuncia a súa abstención por ser un asunto que compete exclusivamente ao goberno e á súa organización.

O voceiro do PSOE entende que nos asuntos ordinarios do goberno son os membros do goberno os que se teñen que entender e convivir, polo tanto, o grupo socialista limitarase a facilitar a aprobación da proposta.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 9 votos a favor (7 do grupo municipal Popular e 2 do grupo municipal Somos Fene) e 8 abstencións (4 do grupo municipal do BNG, 3 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Modificar o acordo adoptado no Pleno do 07.07.2015 respecto da periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, de xeito que quede como segue:

“As sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do Concello de Fene terán carácter semanal, celebrándose as sesións os xoves de cada semana ás 09.00 horas en primeira convocatoria e unha hora máis tarde en segunda convocatoria. No suposto de que o día

0-0
09€
150
P-
F:
1.1

prefixado fose festivo ou inhábil, celebrarase a sesión co mesmo carácter de ordinaria o inmediato hábil anterior.”

4. Aprobación, se procede, da modificación do acordo de creación, composición e periodicidade das Comisións Informativas permanentes

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O día 13 de xuño do 2015 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene xurdida das eleccións municipais que tiveron lugar o 24 de maio do 2015 e o 6 de abril de 2018 prodúcese un cambio da alcaldía.

No pleno municipal que tivo lugar o 07.07.2015 establecéuse o réxime de organización da Corporación, determinando, entre outros, a creación das Comisións informativas permanentes e o seu réxime de sesións, réxime que se considera procedente modificar.

O artigo 20.1 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03-04-1985) e 68 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (DOG núm. 149, de 5 de agosto) establecen que as comisións informativas deberán existir nos concellos de máis de 5000 habitantes necesariamente e que lle corresponde ao Pleno determinar o seu número e denominación a proposta da Alcaldía.

Logo de ver os artigos 45 e seguintes do Regulamento orgánico do Concello de Fene (B.O.P. da Coruña núm. 156 do 8 de xullo do 2008) e 123 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (BOE número 305 do 22 de decembro do 1986), que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

En base ao que antecede, propoño ao Pleno da Corporación da adopción do seguinte ACORDO:

Modificar o punto quinto do acordo acadado no punto quinto da orde do día do Pleno do 07.07.2015 de **Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía da creación, composición e periodicidade das Comisións Informativas permanentes** de forma que quede como segue:

“5º As Comisións informativas permanentes celebrarán sesión ordinaria con periodicidade mensual nas datas e horas que respectivamente se establece:

I Comisión informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio: o martes da semana anterior á semana na que se celebre o Pleno ordinario do correspondente mes ás 9.00 horas.

II Comisión informativa de Organización e Seguridade: o mércores da semana anterior á semana na que se celebre o Pleno ordinario do correspondente mes ás 11.00 horas.

III Comisión especial de Dinamización Económica: o luns da semana anterior á semana na que se celebre o Pleno ordinario do correspondente mes ás 9.00 horas.

IV Comisión informativa de Dinamización Social e Transparencia: o mércores da semana anterior á semana na que se celebre o Pleno ordinario do correspondente mes ás 09.00 horas.

V A Comisión especial de contas reunirse cando sexa convocada pola Presidencia

Axustarán o seu funcionamento ao disposto nos artigos 53 e seguintes do Regulamento orgánico municipal.”

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde Gumersindo P. Galego Feal.”

O voceiro do BNG indica que neste acordo non só se cambian asuntos que afectan ao goberno, senón tamén aos grupos da oposición, e que estes cambios non foron comunicados previamente nin foron informados . Polo tanto, anuncia o seu voto en contra por falla de información e por traer o asunto a un pleno extraordinario e urgente.

0-
G-
36E
150
P-
F:
CL

O voceiro do PSOE reconece a premura pero indica que as propostas ían xa coa convocatoria do Plano. Non lle ven inconveniente aos cambios de día e de hora das Comisións propostos e votarán a favor.

A voceira do Grupo Mixto di alegrarse de que ao voceiro do PSOE lle pareza tempo suficiente desde o venres cando antes todo lle parecía pouco. Engade que entende que as cousas que afectan a toda a corporación deberían ser consensuadas con toda a corporación, e que é a primeira vez que isto non se fai, e que polo tanto, votará en contra.

O alcalde recomenda á portavoz do Grupo Mixto que revise todo o que hai de tres anos para atrás e se dará conta de que o que está dicindo non é así.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 12 votos a favor (7 do grupo municipal Popular, 3 do grupo municipal Socialista e 2 do grupo municipal Somos Fene) e 5 en contra (4 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Modificar o punto quinto do acordo acadado no punto quinto da orde do día do Pleno do 07.07.2015 de Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía da creación, composición e periodicidade das Comisións Informativas permanentes de forma que quede como segue:

“5º As Comisións informativas permanentes celebrarán sesión ordinaria con periodicidade mensual nas datas e horas que respectivamente se establece:

I Comisión informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio: o martes da semana anterior á semana na que se celebre o Pleno ordinario do correspondente mes ás 9.00 horas.

II Comisión informativa de Organización e Seguridade: o mércores da semana anterior á semana na que se celebre o Pleno ordinario do correspondente mes ás 11.00 horas.

III Comisión especial de Dinamización Económica: o luns da semana anterior á semana na que se celebre o Pleno ordinario do correspondente mes ás 9.00 horas.

IV Comisión informativa de Dinamización Social e Transparencia: o mércores da semana anterior á semana na que se celebre o Pleno ordinario do correspondente mes ás 09.00 horas.

V A Comisión especial de contas reunirse cando sexa convocada pola Presidencia

Axustarán o seu funcionamento ao disposto nos artigos 53 e seguintes do Regulamento orgánico municipal.”

5. Aprobación, se procede, da modificación do acordo de determinación de concelleiros que exercerán os seus cargos con adicacións, réxime de asistencias dos membros da Corporación e fixación do réxime de indemnizacións por gastos efectivos ocasionados no exercicio do cargo

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía:

“PROPOSTA DA ALCADÍA

No Pleno do 07.07.2015, no punto “6. Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía da determinación dos concelleiros que exercerán os seus cargos con dedicacións parciais, réxime de asistencias dos membros da Corporación e fixación do réxime de indemnizacións por gastos efectivos ocasionados no exercicio do cargo”, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

“1º Aprobar a fixación das seguintes adicacións parciais con efectos económicos dende o día seguinte ao do presente acordo, dos seguintes cargos da Corporación, coas retribucións e adicacións mínimas que de seguido se indican:

0-0
36E
150
P-
F:
CL

- Sr. Alcalde-Presidente, Juventino José Trigo Rey: 20.701,00 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesa contía nos meses de xuño e decembro. O réxime da adicación mínima diaria será do 41% da xornada laboral.
- Sr. Concelleiro delegado especial da subárea de urbanismo e vivenda Justo Martínez Ardá: 10.352,00 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro. O réxime de adicación mínima diaria será do 21% da xornada laboral.
- Sra. Concelleira delegada xenérica da área de organización e seguridade e delegada especial da subárea de Persoal, Seguridade, Formación e Emprego Alejandra Permuy Meizoso: 10.352,00€ brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro. O réxime de dedicación mínima diaria será do 21% da xornada laboral.

O devengo das pagas extraordinarias dos meses de xuño e decembro estarán suxeitas ás mesmas normas que as previstas para o personal funcionario.

2º Solicitar ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social a afiliación e alta dos concelleiros con adicación parcial

3º Os membros da Corporación que non desempeñen cargos en réxime de adicación parcial percibirán, pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, as asistencias que de seguido se indican:"

O pasado día 06.04.2018 houbo un cambio na alcaldía e o 10.04.2018 ditouse a Resolución 390/2018 pola que se modifican as áreas de goberno e se confiren novas delegacións xenéricas e especiais en varios/as concelleiros/as.

Froito destes cambios cómpre modificar o réxime de adicacións establecido no acordo do 07.07.2015.

A intervención accidental emitiu un informe favorable de data 13 de abril núm. 114/2018 que transcrito di:

"OBJECTO DO EXPEDIENTE: Informe de fiscalización da proposta da alcaldía de aprobación da fixación de coantías por adicacións exclusivas.

ANTECEDENTES

Acordo plenario do 07/07/2015 no que se aproba a determinación dos concelleiros que exercerán os seus cargos con dedicacións parciais, réxime de asistencia dos membros da Corporación e fixación do réxime de indemnizacións por gastos efectivos ocasionados no exercicio do cargo.

Sesión plenaria do 06/04/2018.

Resolución da alcaldía 390/2018, de 10/04/2018, pola que se modifican as áreas de goberno e se confieren novas delegacións xenéricas e especiais en varios concelleiros.

Proposta da alcaldía de 12/04/2018 de fixación de adicacións exclusivas.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Lei reguladora das bases do réxime local, Lei 7/85, modificada entre outras pola lei 11/99 e pola lei 57/03. (LBRL)

Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL)

Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local.

Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do estado para o ano 2017, que se entende prorrogado para o 2018 excepto para os artigos de carácter anual.

Bases de Execución do Orzamento para o ano 2015, prorrogado para o 2018.

CONTIDO

A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local, introduce no seu artigo 1, punto dezaioito, o artigo 75 bis na Lei 7/85.

No artigo 75 bis da Lei 7/85 establécese o réxime retributivo dos membros das corporacións locais e do persoal ao servizo das EELL. Nel se recolle que "1. Los miembros de las Corporaciones Locales serán retribuidos por el ejercicio de su cargo en los términos establecidos en el artículo anterior. Los Presupuestos Generales del Estado determinarán, anualmente, el límite máximo total que pueden percibir los miembros de las Corporaciones Locales por todos los conceptos retributivos y asistencias, excluidos los trienios a los que en su caso tengan derecho aquellos funcionarios de carrera que se encuentren en situación de servicios especiales, atendiendo entre otros criterios a la naturaleza de la Corporación local y a su población según la siguiente tabla:

Habitantes	Referencia
Más de 500.000	Secretario de Estado.
300.001 a 500.000	Secretario de Estado -10%.
150.001 a 300.000	Secretario de Estado -20%.
75.001 a 150.000	Secretario de Estado -25%.
50.001 a 75.000	Secretario de Estado -35%.
20.001 a 50.000	Secretario de Estado -45%.
10.001 a 20.000	Secretario de Estado -50%.
5.001 a 10.000	Secretario de Estado -55%.
1.000 a 5.000	Secretario de Estado -60%. (...)"

3. Solo los miembros de la Corporación que no tengan dedicación exclusiva ni dedicación parcial percibirán asistencias por la concurrencia efectiva a las sesiones de los órganos colegiados de la Corporación de que formen parte, en la cuantía señalada por el Pleno de la misma."

Na disposición adicional 32ª Lei 3/2017, de 27 de xuño, establécese:

"De conformidad con lo previsto en el artículo 75 bis de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local, según la redacción dada por la Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local, y considerando lo dispuesto en el artículo 20 de la presente ley, el límite máximo total que pueden percibir los miembros de las Corporaciones Locales por todos los conceptos retributivos y asistencias, excluidos los trienios a los que, en su caso, tengan derecho aquellos funcionarios de carrera que se encuentren en situación de servicios especiales, será el que se recoge a continuación, atendiendo a su población:

Habitantes	Referencia
Más de 500.000	102.010
300.001 a 500.000	91.809
150.001 a 300.000	81.608
75.001 a 150.000	76.508
50.001 a 75.000	66.307
20.001 a 50.000	56.106
10.001 a 20.000	51.005
5.001 a 10.000	45.905
1.000 a 5.000	40.804"

O número de habitantes do Concello de Fene a 1/1/2018 era de 13.013 habitantes (datos INE), polo que os importes propostos pola alcaldía atópanse dentro dos límites máximos recollidos no artigo 75 bis da Lei 7/1985.

Compróbase que existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao gasto proposto correspondente ás mensualidades e pagas extras que se devengarán ata final do exercicio, na aplicación orzamentaria 2018/912/10000. Achégase ao presente informe documentos contables de retención de crédito:

RC 220180002155	dedicación exclusiva alcaldía	28.844,32 €
RC 220180002156	dedicación exclusiva concelleiro	19.314,94 €

CONCLUSIÓN

En virtude do exposto, infórmase favorablemente a proposta da alcaldía, de 12/04/2018, de fixación de adicacións exclusivas.

Asinado dixitalmente pola interventora accidental, na data da marxe."

En base ao que antecede, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Modificar o acordo adoptado polo Pleno municipal o 07.07.2015 no seu punto 6. Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía da determinación dos concelleiros que exercerán os seus cargos con dedicacións parciais, réxime de asistencias dos membros da Corporación e fixación do réxime de indemnizacións por gastos efectivos ocasionados no exercicio do cargo, do seguinte xeito:

1º Aprobar a fixación das seguintes adicacións exclusivas:

- Alcalde-Presidente: 41.405,85 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesa contía nos meses de xuño e decembro.
- Concelleiro/a 1: 27.726,68 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro.

O devengo das pagas extraordinarias dos meses de xuño e decembro estarán suxeitas ás mesmas normas que as previstas para o personal funcionario. Conforme ao artigo 75.5 LBRL, por Resolución da alcaldía determinaranse os membros da Corporación que realicen as súas funcións con adicación.

2º Solicitar ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social a afiliación e alta dos concelleiros con adicación

3º Os membros da Corporación que non desempeñen cargos en réxime de adicación percibirán, pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, as asistencias fixadas no acordo plenario do 07.07.2015.”

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde Gumersindo P. Galego Feal.”

O voceiro do BNG afirma que non quere facer un debate sobre a cantidade das percepcións e que cadaquén terá que actuar en conciencia coa súa forma de ver as cousas. Di que non van poñer en dúbida as cantidades establecidas, que neste Concello nunca foron esaxeradas en relación con outros, pero que non sabe como van dar de alta na seguridade social a “concelleiro 1”, e que o normal sería que dixeran xa cal é o “concelleiro 1”. Engade que é interesante que non se oculten os datos por parte do alcalde.

O alcalde intervén e di que ten que ser un erro porque as instrucións que se pasaron non foron esas. Ao tempo, aclara que o “concelleiro 1” será César Castro.

O voceiro do BNG afirma que hoxe se ve aquí un dos motivos polos que houbo unha moción de censura neste Concello hai menos de dez días. Di que está moi ben que se dupliquen os soldos por un lado e que se dean unhas dedicacións que nos acordos de 2015 non se deron nin se solicitaron. Sinala que hoxe estamos vendo aquí cal é o pago previo desta moción de censura e supón que será soamente o principio. Engade que esta información non foi facilitada en ningún momento ao seu grupo e solicitan transparencia. Polo tanto, por non ser informados e por considerar que non son as maneiras adecuadas, votarán en contra.

O portavoz socialista fai referencia ao ano 2007, onde sinala que houbo un acordo de goberno progresista entre o PSOE e o BNG onde se acorda unha dedicación para o alcalde, outra para un concelleiro e tres postos de libre designación. Posteriormente, trala ruptura do goberno por parte do BNG no 2009, hai un acordo da oposición ao que o PSOE non ten máis remedio que sumarse, polo cal se establece unha dedicación exclusiva para a alcaldía e outra para unha concellería, que era o que o Concello de Fene precisaba como mínimo e o que se comprometían a manter. Sinala que se o goberno ten maioría ten capacidade para dotar dos recursos humanos que considere oportunos ata o límite que marca a lexislación vixente. Lembra que na lexislatura 2011-2015 se respecta o acordo de 2009 e que no 2015 hai un acordo tripartito de forzas de esquerdas no que se volve acordar unha dedicación exclusiva para a alcaldía e outra para unha concellería. Sinala que a proposta que se presenta hoxe segue a tendencia do acordado en 2009, e que lle sorprendeu un titular da prensa no que di que o alcalde de Fene pasa a cobrar o dobre que o alcalde anterior. Cre que non deixa de ser media verdade, ao igual que o que dixo o voceiro do PP no pleno de investidura de Juventino Trigo, que o BNG pasaba de unha dedicación a tres. Entende que as dúas cousas son medias verdades, e que nin unha cousa é certa nin a outra, porque a esencia do asunto, a dotación económica, céntimo arriba céntimo abaixo, coincide nas propostas que se fixeron desde o ano 2009 ata a actualidade. Pregúntase se non cren que vai sendo hora de que haxa algo de madurez política nesta corporación e

0-
G-
36E
150
-P
:E
1.C

que o que se acordou con visos de futuro no 2009 o respecten ata a actualidade. Afirmar que o seu grupo si que o vai respectar, e que cren que a lexislación debiera ser máis clara e marcar uns mínimos ao igual que marca uns máximos de dotación, pero que a proposta que se fai recolle o espírito do que se ten acordado desde o 2009 e que eles van actuar responsablemente con ese acordo na actitude de facilitar a súa aprobación, e que como é un asunto que atinxe ao goberno debe ser este o que o aprobe. En canto ao reparto das dedicacións, poden entender que é unha cuestión interna do goberno e que as distribúan como consideren oportuno, e que non lles van pedir explicacións porque non superan a contía consensuada en 2009, mais que si pedirán explicacións de que estas dedicacións dean os seus froitos para os veciños e veciñas de Fene, isto é, da súa xestión.

O voceiro de Somos Fene di entender que o anterior grupo de goberno estea doído por ter perdido o goberno que non tiñan gañado electoralmente, pero que non entenden a actitude que teñen. Di que non saben se é porque esqueceron as matemáticas, e aclara que hai unha cousa que se chama división e multiplicación, numerador, denominador, cociente... Di que no numerador porían a cantidade de diñeiro que se destina para as dedicacións de concelleiros, no denominador a xente que vai optar a estas dedicacións, e no cociente saen os afectados. Explica que o numerador é exactamente igual neste goberno que no que tiñan eles, que no denominador tiñan antes catro ou tres persoas e este goberno ten dúas, e que o cociente que sae é o mesmo, a mesma cantidade destinada aos concelleiros. Di que vaian asumindo que están en minoría e que gobernaron de forma ilegal desde o punto de vista democrático durante un tempo, e que aí teñen o seu posto na oposición, que é o que teñen que facer. Pide que fagan política e que se deixen de argumentos históricos, porque foron desaloxados do goberno en base a criterios políticos.

A voceira do Grupo Mixto indica que, quitando o Pleno da moción de censura, este debe ser o discurso máis longo que lle escoitaron ao voceiro de Somos Fene. Di que é curioso ver como cando fala de cartos está esperto, e engade, dirixíndose a Somos Fene, que acadaron por fin o que querían cando chegaron á política, que non era facer unha nova política, senón situarse. Di que a proba é que vostede e sobre todo o seu compañeiro andou de partido en partido ata que un lle deu o que el quería, nin máis nin menos. Di que é curioso ver que o Sr. Bastida está hoxe todo contento e está esperto, e que iso xa é unha boa nova. Anuncia o seu voto en contra.

A voceira do PP, Rocío Bértoa, pregunta ao BNG por que era máis lícito que unha concelleira do seu grupo, en 2007, levase unha segunda dedicación exclusiva nun goberno de 12 persoas, máis 3 postos de asesores, e non agora cando son 9. Asume o resumo da evolución das dedicacións feito polo voceiro socialista. Indica que cando o BNG gobernou co PSOE e Somos Fene fixo uso dunha das dedicacións e da outra non, porque non quixeron, que estaba aí á espera de repartila. Pide que non digan que o fixeron para aforrar porque non é verdade. Refírese a un titular do Diario de Ferrol no que di que o alcalde pasará a cobrar máis do dobre do señor Trigo, e afirma que vai cobrar menos que o dobre, e que tamén vai dedicar toda a súa xornada laboral, non coma o anterior alcalde, que di que lle dedicaba só o 41%, e os seus dous compañeiros que tiñan a dedicación parcial dedicábanlle o 21%. Pide que non lle digan que eles lle dedicaban 24 horas ao día porque os resultados están aí, e que no goberno debían de estar a durmir porque na rúa non hai nada e está todo paralizado. Dirixese ao Sr. Noceda e dille que se o anterior alcalde cun 41% de dedicación cobraba 20.711 €, se a súa dedicación fose do 100% cobraría 51.005 €, e excedería en case máis de 1000 € o que está marcado como soldo máximo na Lei de racionalización e sostibilidade, e que polo tanto, o anterior alcalde cobraría máis que o alcalde actual e máis que o alcalde do PSOE do 2007 ao 2011, e sería o alcalde que máis cobrou en proporción nestes últimos anos, e que se miran os tres últimos anos de xestión, foi o alcalde que máis caro lle saíu aos veciños e veciñas de Fene, pola súa inactividade, parálise, incapaz de sacar obras, os orzamentos en tres anos nin sequera presentalos. Dirixese ao grupo do BNG e dille que non sabe como teñen a desfachatez de vir a criticar o soldo que pode levar o alcalde. E en canto á dedicación exclusiva do compañeiro, di que é unha cuestión que decide o goberno, e que é lícito que decidan entre eles quen vai ser o concelleiro que a leve. Lembra que no anterior goberno cobraban soldo tres persoas, e que se o alcalde non cobrou todo o soldo porque quería dedicarse ao seu negocio, tamén é moi lícito e respectable, pero que non veña a cuestionar a situación dos demais.

O alcalde toma a palabra por alusións e dille ao voceiro BNG que se atinxa ao que acaba de explicar a voceira do PP, que faga a regra de tres e multiplique o que el cobraba polo 41% e o que debiera cobrar se cobrara o 100% e estivera dedicado ao 100%, e a ver canto lle sae, que sobrepasa o límite legal establecido. Engade que leccións ninguas e alude ao pacto sinalado do 2009, e indica que lle parece rastroso sacar esas cousas na prensa. Dille ao Sr. Trigo que o único que tivo aquí incidencias por cobros ilegais foi el, e lémbrale un informe de secretaría e intervención no que di que non podía cobrar a prima dos seguros que estaba cobrando a través da súa empresa e, ao tempo, estar percibindo o soldo de concelleiro. Dille que se falan de legalidades e ilegalidades poña na balanza a

0-0
30€
150
P-
F:
CL

ver o que lle sae, e pídelle que teña un mínimo de decencia e obxectividade cando diga cousas na prensa.

O voceiro do BNG lembra que dixo que non quería debater sobre a cantidade das dedicacións porque había Concellos nos que se cobraba bastante máis, pero ve que non se quixo entender a súa intervención. Lembra ao voceiro do PSOE que xa non son o goberno, que é certo que en 2007 había unha morea de dedicacións e que era un goberno presidido polo PSOE. Aclara que si que había dúas dedicacións durante o goberno tripartito e que unha era para o voceiro do PSOE, que non tivo a ben coller porque non lle deu a gana. Dirixese ao Sr. Bastida e dille que estivo moi ben o seu discurso pero que se liou entre numerador, denominador e cociente. Sinala que o que están a criticar dende o BNG son as consecuencias da moción de censura e a recompensa que alguén obtén por esa moción de censura, e que non están falando dos cartos das dedicacións nin moito menos. Con respecto a intentar xustificar o inxustificable e ao que o voceiro do PP acaba de facer a nivel persoal, lémbrale que estivo catro anos de alcalde con dedicación exclusiva, e que estivo empregado noutros sitios, e nunca se lle botou en cara porque consideramos que non era de recibo e que cada un da súa vida fai o que quere. Reitera que pretenden non entrar iso, pero pídelle que non siga por ese camiño.

O alcalde intervén e explica que el falou con secretaría e intervención deste Concello porque evidentemente tiña pleitos pendentes dado que traballou 27 anos de avogado, e o único que se lle advertiu foi que non asinada ningún pleito desde que colleu a dedicación exclusiva, e pasar a colexiado non exercente. Pregunta ao voceiro do BNG se el estaba disposto a deixar todo o que tiña na asesoría despois do tempo que leve nela. Pídelle que non sexa demagogo. Dille que se atopa un pleito asinado por el desde que colleu a dedicación exclusiva ou se non está de baixa como colexiado exercente no Colexio de Avogados de Ferrol, pode ir a onde queira con toda a razón do mundo, pero que non bote a lingua a pacer tan fácil porque el, se colleu unha dedicación do 41% foi para poder seguir mantendo a asesoría e os seguros que ten en Perlío. Dille que ás veces se gaña e ás veces se perde, que el mesmo tamén perdeu hai tres anos cando gañou as eleccións e calou a boca. Pide que se aplique o conto, que rencores os mínimos, e convidao a que vaia ao Xulgado e a consultar a Facenda, pero que no debate político non diga mentiras. Engade que lle asina unha autorización e lle dá acceso aos seus datos persoais para que vaia facer comprobacións á delegación de Facenda de Ferrol.

O voceiro do PSOE di que vai obviar a última parte da discusión porque, ou se fala con datos precisos e probas na man, ou deberían quedar fóra deste debate. Fai un chamamento para que o acordo que se tomou en 2009 non se rache e que chegue o momento en que poidan volver a sentarse todos para tratar estas cuestións e retomar un acordo de mínimos, porque entenden que non é bo para os partidos senón para a institución, quitando do debate o tema dos recursos mínimos para xestionar esta. Dirixese ao voceiro do BNG e dille que cando chegou sabía pouco de administración pública e lle dá a sensación de que agora segue a saber o mesmo, alude a que deba ter máis prudencia á hora de falar de cousas que foron faladas entre as súas forzas políticas. Indica que se falou do reparto de dedicacións, que serían unha para o BNG e outra para o PSOE, en concreto para quen levase a área de obras e servizos que era el mesmo, e que xa indicou naquel momento que non a collería de inmediato porque os traballadores da administración pública precisan resolución do Concello e permiso para coller esa dedicación e vir para aquí. Di que en xaneiro de 2016 falou co alcalde e díxolle que ía coller unha dedicación parcial, e que este lle pediu que agardara, que el agardou máis do que pensaba, e que hoxe se alegra de ter agardado, porque aos seis meses os botou do goberno. Sinala que hai que dicir a verdade e non o que un pensa que é a verdade. Por outra banda, dirixese á voceira do PP e dille que o que dixo ela non se contradí en nada co que dixo el, dado que el non falou en termos porcentuais senón absolutos.

O voceiro de Somos Fene dirixese ao voceiro do BNG e dille que a moción de censura foi un pacto político democrático, e deron argumentacións políticas para facelo, que eles non teñen ningún tipo de argumentación política para que eles puideran absterse ou non participar na moción de censura, e que só acoden aos argumentos de sempre de que son uns vendidos, etc... argumentos tópicos. Reitéralle que estaban no goberno e agora na oposición e que o asuman

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 9 votos a favor (7 do grupo municipal Popular e 2 do grupo municipal Somos Fene), 3 abstencións do grupo municipal Socialista e 5 votos en contra (4 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Modificar o acordo adoptado polo Pleno municipal o 07.07.2015 no seu punto 6. Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía da determinación dos concelleiros que

exercerán os seus cargos con dedicacións parciais, réxime de asistencias dos membros da Corporación e fixación do réxime de indemnizacións por gastos efectivos ocasionados no exercicio do cargo, do seguinte xeito:

1º Aprobar a fixación das seguintes adicacións exclusivas:

- **Alcalde-Presidente: 41.405,85 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesa contía nos meses de xuño e decembro.**
- **Concelleiro/a 1: 27.726,68 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro.**

O devengo das pagas extraordinarias dos meses de xuño e decembro estarán suxeitas ás mesmas normas que as previstas para o personal funcionario.

Conforme ao artigo 75.5 LBRL, por Resolución da alcaldía determinaranse os membros da Corporación que realicen as súas funcións con adicación.

2º Solicitar ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social a afiliación e alta dos concelleiros con adicación

3º Os membros da Corporación que non desempeñen cargos en réxime de adicación percibirán, pola concorrancia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte , as asistencias fixadas no acordo plenario do 07.07.2015.”

6. Aprobación, se procede, da modificación do acordo de determinación dos representantes en distintos órganos colexiados

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

No Pleno do 07.07.2015, no punto **7. Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía de representantes en distintos órganos colexiados** e no Pleno do 04.04.2017 adoptáronse unha serie de designacións de representantes do concello en distintos órganos colexiados que cómpre modificar unha vez que o pasado día 06.04.2018 houbo un cambio na alcaldía e que se modificaron as áreas de goberno e as concellerías delegadas por Resolución_390/2018 do 10 de abril.

Por este motivo, propoño que o Pleno adopte o seguinte ACORDO:

1º Modificar as designacións dos representantes do Concello nos órganos que de seguido se expresan:

- 1 Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol: o alcalde-presidente Gumersindo P. Galego Feal
- 2 Asemblea Xeral do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar: o alcalde Gumersindo P. Galego Feal e a concelleira Juana Barro Couto
- 3 Representante na Comisión de Participación Cidadá da Área Sanitaria de Ferrol: Xoán Manuel Rodríguez Bastida
- 4 Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro”: César Daniel Castro García; suplente: Juan José Franco Casal
- 5 Designar como suplente do representante do Concello na Entidade Urbanística de Conservación do Polígono industrial de Vilar do Colo á concelleira Rocío A. Bértoa Puente.

2º O resto de designacións acordadas en Plenos anteriores manteranse nos seus termos.

Asinado dixitalmente en Fene polo alcalde Gumersindo P. Galego Feal na data fixada na marxe.”

O voceiro do BNG reitera a súa queixa por non ser informados previamente, e sinala que se absterán por ser un asunto que afecta exclusivamente ao goberno e ás persoas que o compoñen.

O voceiro do PSOE indica que tamén se absterán para facilitar a aprobación da proposta.

A voceira do Grupo Mixto anuncia o seu voto en contra e o explica en base á traxectoria do Sr. Rodríguez e do Sr. Castro, dado que dubida que se vaian poñer a traballar e non lle serven como representantes. Cre que o Sr. Franco terá que acudir moitas veces como suplente.

0-0
06E
150
-P
-E
-L

A voceira do PP dille á concelleira do Grupo Mixto que non se preocupe porque se os concelleiros de Somos Fene non colaboran será o concelleiro Juan José Franco o que represente a esta Institución ante outros organismos. Engade que ela ten a esperanza de que traballen porque considera que a Sra. Martínez, mentres estivo na oposición entre 2011 e 2015 non fixo nada e só foi a dous actos, en concreto unha Eurocopa e unha final de liga de Volta a Ría que xogaba o Maniños contra o Miño no campo do Racing de Ferrol, e sen embargo, mentres gobernou, foi bastantes veces co alcalde e cos outros concelleiros, polo tanto, dado que ela ten a Somos Fene máis estima que á Sra. Martínez e os cre bastante máis capacitados que ela, cre que é só cuestión de facer un bo equipo, un bo ambiente, e confía plenamente en que traballen bastante máis que ela.

A concelleira do Grupo Mixto di á Sra. Bértoa que non lle permite que poña en dúbida a súa capacidade, e celebra que cando estaba no goberno lle sobrara tempo para mirar os actos aos que acudía ela, o que poñía nas súas redes sociais... di que dubida moito que traballara en absoluto. Engade que ela non está preocupada polo que vaian a traballar e que os que teñen que estar preocupados por iso son os membros do goberno.

O voceiro de Somos Fene di que non lle sorprende nada o que fai e di a voceira do Grupo Mixto, que se considera unha "Josefina Grillo", que "todo lo sabe, todo lo entiende".

A voceira do Grupo Mixto di que o voceiro de Somos Fene a está insultando.

O alcalde di que ela explicará na súa exposición que nin é Josefina nin é Grillo.

A voceira do Grupo Mixto di que ten nome e apelidos e que non permite que a insulten.

O alcalde di que cre que non fá para ela.

O voceiro de Somos Fene continúa dicindo que a voceira do Grupo Mixto fai descualificacións sobre o que eles traballan, que só traballa ela, etc. Sinala que é a súa opinión e que a el, entre comiñas, "me la suda".

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 9 votos a favor (7 do grupo municipal Popular e 2 do grupo municipal Somos Fene), 7 abstencións (4 do grupo municipal do BNG e 3 do grupo municipal Socialista) e 1 votos en contra do grupo Mixto municipal.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1º Modificar as designacións dos representantes do Concello nos órganos que de seguido se expresan:

1 Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol: o alcalde-presidente Gumersindo P. Galego Feal

2 Asemblea Xeral do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar: o alcalde Gumersindo P. Galego Feal e a concelleira Juana Barro Couto

3 Representante na Comisión de Participación Cidadá da Área Sanitaria de Ferrol: Xoán Manuel Rodríguez Bastida

4 Grupo de Acción Costeira "Golfo Ártabro": César Daniel Castro García; suplente: Juan José Franco Casal

5 Designar como suplente do representante do Concello na Entidade Urbanística de Conservación do Polígono industrial de Vilar do Colo á concelleira Rocío A. Bértoa Puente.

2º O resto de designacións acordadas en Plenos anteriores manteranse nos seus termos.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 09.55 h, de todo o que, como secretaria accidental, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria Estefanía Manteiga Lamas e polo alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal.

0-
G-
36E
150
P-
F:
CL